



O presente documento estará
depositado no Taboeiro de
Avisos desta Deputación
desde o día 24.11.2025 P.O.
até o día 09.12.2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 31.10.2025, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a elaboración dunha listaxe de emprego de TRABALLADOR/A SOCIAL, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 260, do 12.11.2025).

A base xeral 5.3 establece que: "o prazo de presentación das solicitudes será de dez días naturais dende o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP" abríndose o prazo o día 13.11.2025, sendo a data de remate o 24.11.2025.

A data 20.11.2025 considérase necesario dar a posibilidade de que se presenten novas solicitudes para garantir que se poida levar a cabo con éxito a convocatoria e contar así cun número de efectivos suficientes para cubrir as necesidades existentes actualmente na entidade.

Considerando o establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que literalmente sinala:

"1. A administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio (...), unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

(...)

3. (...) a decisión sobre a ampliación deberá producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non será susceptible de recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento."

A vista do anterior, propónse a presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, RESOLVA:

1º.- Ampliar de oficio, con base no establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, en 5 días naturais o prazo de presentación de solicitudes do proceso selectivo convocado no BOP núm. 260, do 12.11.2025, para a elaboración dunha listaxe de emprego de TRABALLADOR/A SOCIAL, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, motivado na necesidade de garantir que se poida levar a cabo con éxito a convocatoria.

	IV7QSOS4N4J2TS42CZIMOIXXCU		Fecha y Hora	21/11/2025 12:52:57
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOS4N4J2TS42CZIMOIXXCU		Página	1/2

2º.- Publicar a presente resolución na web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade, indicando que se amplía en cinco días naturais o prazo de presentación de solicitudes, rematando o día 01.12.2025.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 25-06-2025
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7QSOS4N4J2TS42CZIMOIXCU		Fecha y Hora	21/11/2025 12:52:57	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QSOS4N4J2TS42CZIMOIXCU		Página	2/2	